



Estimado compañeiro/a:

Dende o 14 de febreiro do 2007, data da reunión dende quedou constituída a Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (A.G.E.F.E.C.), esta xunta directiva desenvolveu unha liñas de actuación que se sustanciaron en actividades das que che queremos facer partícipe.

Nas primeiras semanas a nosa actividade principal foi oficializar a asociación, inscribíndoa no Rexistro de Asociacións na Dirección Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, solicitude de NIF, apertura de conta bancaria.

A continuación centrámonos na divulgación da Asociación. Para elo fixemos as seguintes **actividades**:

- ✓ Creación da páxina web da asociación ([www.agefec.org](http://www.agefec.org)) e unha conta de correo aberta á participación de tódolos enfermeiros e enfermeiras.
- ✓ Remitir notas de prensa aos medios de comunicación galegos.
- ✓ Enviar cartas de presentación aos presidentes dos catro colexios de enfermaría de Galicia, a tódolos directores de enfermaría de atención primaria de Galicia, e as máis altas autoridades da Consellería de Sanidade e do Sergas.
- ✓ Solicitamos audiencia e fomos recibidos por M<sup>a</sup> José Rubio, Conselleira de Sanidade, Julio Villar, Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, e da Dirección Xeral de RR.HH. do Sergas, aos cales lles entregamos un dossier no que en síntese se expoñía cales son os nosos obxectivos xerais, as actividades que pretendemos desenvolver e o noso desexo en participar naquelas mesas que teñan que ver co presente e futuro da enfermaría de atención primaria de Galicia . Como resultado destas entrevistas fomos invitados a participar nunha mesa de traballo dentro do desenvolvemento do Plan de mellora da atención primaria de Galicia 2007-2011.
- ✓ Démonos a coñecer naqueles foros nos que participaron membros da asociación e presentando ponencias ou comunicacións nalgúns casos::
  - Xornadas de enfermaría de Ourense (2007),
  - Xornadas Internacionais de Lugo (2007 e 2008),
  - Congreso de lesionados medulares de Coruña (2007).
  - IX e X Semana da Saúde de Mazaricos (2007 e 2008),
  - XV Reunión da Sociedade Española de Psicoxeriatría.
  - Congreso Internacional de Cee 14-15 de setembro 2007.
  - Congreso da Sociedade Galega de HTA celebrado na Toxa.



## MESAS DO SERGAS NAS QUE PARTICIPAMOS.

- ✓ Desenvolvemento do plan de mellora
  - Definir o novo rol da enfermería nos equipos de atención primaria de Galicia.
  - Desenvolvemento de ferramentas informáticas na consulta de enfermería dentro da aplicación IANUS.
- ✓ Outros grupos de traballo
  - Grupo de Traballo para protocolizar intervención en asma infantil.
- ✓ **Realización da nosa I XORNADA CIENTÍFICA.**

E como obxetivos a curto prazo queremos:

- ✓ Seguir promocionando e divulgando a asociación co fin de aumentar o número de asociados.
- ✓ Fomentar a participación científica dos nosos asociados nos congresos ou xornadas de enfermaría que se celebren.
- ✓ Potenciar o uso e participación na nosa páxina web de tódolos enfermeiros e enfermeiras de Galicia.
- ✓ Implantación en tódalas provincias e áreas de saúde da nosa comunidade autónoma.
- ✓ Participar nas mesas de traballo que promoven tanto o Ministerio como a FAECAP ou a propia AGEFEC,
- ✓ Oferta de cursos de formación on-line acreditados pólo Sistema Nacional de Acreditación e a través da plataforma formativa da FAECAP.
- ✓ Comezar a traballar na confección de guías e protocolos de enfermaría ou participar naqueles grupos de traballo que teñan esa finalidade e asegurarnos un enfoque máis enfermeiro.

Coidamos que dende a creación da asociación, e froito dun gran esforzo polos compoñentes da actual xunta directiva e dos socios, temos cumprido cos nosos obxectivos máis inmediatos, pero necesitamos seguir crescendo e mellorar a comunicación entre asociados e xunta directiva, facendo captación activa de socios e pedíndovos que nos comuniquedes as vosas preocupacións ou suxerencias, e tamén recibindo os vosos artigos ou aqueles traballos que teñan que ver coa nosa profesión utilizando para elo a nosa páxina web ou correo electrónico.